

5. A REVOLUCIÓN GLORIOSA E A CONSTITUCIÓN DE 1869.

A Fernando VII sucedeu a súa filla, Isabel II, que reinou entre os anos 1833 e 1868. O seu reinado estivo protagonizado polas forzas políticas liberais máis moderadas desde o comezo do seu reinado persoal (1846), que permitían unha moi reducida participación política e que durante os últimos anos tivo gobernos inestables e ineficaces, que foron facendo que os líderes políticos se puxesen en contra da raíña. A isto hai que sumar a grave crise económica de 1866 (financeira, industrial e de subsistencias) que agravou os problemas do réxime; o enfrontamento con Italia (“cuestión romana”) por mor do apoio da raíña ao Papa, quen se negou a integrar a Roma no novo Estado italiano; o desprestixio da raíña pola súa actitude privada e amorosa; e as sublevacións de distintas unidades militares (Prim, Cuartel de San Gil).

Todo isto vai facer que en 1866 o partido progresista e o demócrata, aos que despois se unirá a Unión Liberal (partido que agrupaba á esquerda moderada, dereita progresista e numerosos militares), asinasen en Ostende, Bélxica, un pacto para desalojar do trono a Isabel II.

Os dous anos seguintes foron aínda máis duros e a crise de subsistencias provocou motíns populares contra os altos prezos do trigo e doutros cereais. Ante o perigo de que os demócratas aproveitasen as revoltas para facerse co poder mediante unha revolución social, varios militares e líderes políticos destacados, como Prim, Ruíz Zorrilla e Sagasta, preparan un pronunciamento en Cádiz, que comeza coa sublevación do almirante Topete, que finalizou o seu manifesto co grito de “*Viva España con honra!*”, proclama que será un símbolo da revolución que nace a raíz deste feito, a Revolución de Setembro de 1868, coñecida tamén como “La Gloriosa”.

Esta revolución tivo algunhas peculiaridades: foi unha alianza entre progresistas e unionistas, coa aprobación dos demócratas e na que, aínda que interviñeron militares do prestixio de Prim, Dulce, Primo de Rivera ou Serrano, houbo unha presenza destacada de civís de clases burguesas e medias e o obxectivo non era acabar cun goberno, senón derrocar a raíña. A difusión foi rápida e o seu éxito deu lugar a un amplo programa de reformas.

O verdadeiro ideario revolucionario proporcionábao o partido demócrata, que reclamaba o sufraxio universal, a suspensión dos consumos (impostos sobre bens de primeira necesidade) e das quintas, e que se centraba na defensa das clases medias e traballadoras.

Tamén foi un movemento organizado desde o poder político e militar para acabar co bloqueio parlamentario, promovido pola raíña, que impedía aos progresistas gobernar, así como para afrontar a pésima situación económica existente, que prexudicaba as empresas ferroviarias.

Nese sentido, foi unha revolución “falseada”, pois as xuntas e os movementos de base popular foron axiña excluídos ou perseguidos. A finalidade, pois, da revolución era completar a transición iniciada en 1833 cara a unha sociedade burguesa, apoiada nun sistema capitalista eficaz dominado por homes de negocios vinculados ao poder político.

A revolución estendeuse axiña desde Cádiz por toda a Península. A incapacidade para frear a sublevación quedou de manifesto na batalla da Ponte de Alcolea (Córdoba, 28/09/1868). O triunfo dos sublevados provocou que dous días despois Isabel II marchase para Francia. O goberno entregoulle en Madrid o poder a unha Xunta Superior Revolucionaria.

Formáronse xuntas revolucionarias en toda España, mais a deriva radical foi cortada con rapidez. O programa revolucionario limitouse a pedir liberdades políticas e civís, secularización do Estado, reforma da Facenda, liberdade económica e rexeitamento dos Borbóns. As xuntas estiveron dominadas polas chamadas á orde e a preservar a propiedade, sen demandas radicais.

O 3 de outubro de 1868, a xunta revolucionaria encomendaba ao xeneral Serrano a formación dun goberno provisional, que se constituíu o día 8, tras a chegada do xeneral Prim. Inmediatamente estableceu a disolución das xuntas, aínda que moitos dos seus membros foron compensados con postos en concellos e deputacións.

En parte do país, as xuntas revolucionarias ocuparon un poder paralelo que competía co do goberno provisional. A súa composición e programa variaba segundo predominasen nelas progresistas ou demócratas. Estas últimas foron máis reticentes a disolverse tras a orde do goberno, polo que durante unhas semanas houbo un dobre poder. Moitas xuntas resistíronse a se disolver. Foi o caso das de Barcelona, Valladolid, Alcoi ou algunhas andaluzas, que vían frustradas as súas esperanzas de reforma social. Tal foi o caso da de Jerez de la Frontera, que pedía a instauración dunha república, e os motíns de Puerto de Santa María, Cádiz e Málaga.

O goberno provisional, presidido por Serrano, formábanlo cinco ministros progresistas e catro unionistas; os demócratas quedaron fóra, e con eles o sector máis revolucionario. As primeiras medidas dirixíronse a controlar a revolución: disolución das xuntas, reorganización da Milicia Nacional, desarmamentos dos “Voluntarios de la Libertad” e restitución da disciplina no exército. Sagasta, ministro da Gobernación, ordenoulles aos gobernadores civís manter a orde “a todo custo”.

Unha vez cumprido este obxectivo, atendeu algunhas peticións populares e as promesas recollidas na proclama de setembro de 1868:

- Supresión do imposto de consumos.

- Emancipación dos fillos de escravos nados tras a revolución.
- Decreto de liberdade de ensinanza e reforma da segunda ensinanza.
- Decreto de liberdade de imprenta.

O 25 de outubro o goberno mostraba un manifesto á nación co seu programa de reformas, baseado no sufraxio universal e nas liberdades relixiosa, de ensino, de imprenta, de asociación e de reunión. A iso sumáronse medidas de carácter económico e social: creación da peseta como moeda nacional e lei de minas e arancel librecambista. Este programa definía unha orde social conservadora de carácter burgués, no que os poderosos e acomodados moldearon a revolución, desoíndo as demandas populares e democráticas.

Este distanciamento entre os que apoiaban o goberno provisional e os que demandaban reformas máis avanzadas, radicalizou o sector republicano do partido demócrata, que apostou pola república federal, mentres o sector moderado se inclinaba pola monarquía.

O goberno provisional convocou eleccións municipais para decembro, que lles deron o triunfo aos republicanos en 20 capitais de provincia, mentres o 15 de xaneiro de 1869 celebráronse as eleccións a Cortes Constituíntes, con maioría de progresistas e unionistas, pero cun notable grupo de deputados republicanos. Ambas as eleccións fixéronse mediante sufraxio universal masculino, con case catro millóns de electores, homes maiores de 25 anos. As sesións das Cortes abríronse o 11 de febreiro e a súa tarefa centrouse fundamentalmente na elaboración da nova Constitución.

O proceso político ía deixando no camiño as reivindicacións das clases populares urbanas e do mundo rural. O desencanto estendeuse por lugares de Andalucía, onde os republicanos incluso se enfrontaron ás demandas de dirixentes populares, como Caro en Jerez de la Frontera, que incitaba á “guerra dos pobres contra os ricos”. Tamén é un exemplo a revolta popular contra as medidas do gobernador civil de Cádiz, quen o 5 de decembro do ano anterior declarou o estado de guerra, e ordenou o desarmamento dos Voluntarios da Liberdade e o peche de todas as publicacións; durou tres días, encheu de barricadas a cidade e os Voluntarios enfrontáronse ao exército para acabar pactando o abandono das armas. Movimentos similares houboos en Béjar, Badajoz, Málaga, Tarragona, Sevilla e Gandía, mentres que en Barcelona xurdía en decembro de 1868 o embrión dos movementos obreiros do Sexenio, coa creación dunha dirección central das sociedades obreiras.

As Cortes Constituíntes iniciaron as súas sesións o 11 de febreiro de 1869 e o debate do proxecto de nova Constitución o 6 de abril. O texto constitucional promulgouse dous meses máis tarde, o 6 de xuño de 1869, despois de aprobarse por ampla maioría (214 votos a favor e 55 en contra).

A Constitución de 1869 é un texto de extensión media (112 artigos), influído pola Constitución belga de 1831 e a estadounidense de 1787. Establecía no preámbulo a soberanía nacional de base popular, proclamaba a división de poderes e recollía unha ampla declaración de dereitos. Do seu contido destacan os seguintes aspectos:

→ Regulaba todos os dereitos individuais que recoñecía, incluso “calquera outro non consignado expresamente” (art. 29). Eses dereitos eran o de liberdade de cultos, reunión e asociación, residencia, ensino, expresión e inviolabilidade do domicilio. Se se facía uso indebido deses dereitos, estaba previsto suspendelos, pero só mediante unha lei. A liberdade de cultos suscitou un acendido debate entre o cóengo Manterola, defensor a ultranza dos privilexios da Igrexa, e o deputado republicano Emilio Castelar.

→ Establecíase o sufraxio universal como a conquista política máis destacada da revolución de 1868, tal e como sinalaba o artigo 16, ao que se opuxo (sen éxito) Cánovas, deputado conservador, que quería poñer limitacións a este dereito.

→ Instaurouse un sistema bicameral. O Senado elixíase por sufraxio universal indirecto, pero só podían ser senadores os maiores contribuíntes, o que lle daba un matiz censatario. O Congreso estaba integrado por un deputado por cada 40000 habitantes, elixido por sufraxio universal.

→ O rei tiña atribucións semellantes ás de constitucións anteriores, mais o artigo 33 aclaraba que esa monarquía estaba suxeita á soberanía nacional, da que emanaban todos os poderes do Estado, incluso os do monarca. Era unha monarquía de novo cuño, adaptada aos tempos. Esta peculiaridade provocou a necesidade de buscar un novo rei, o que marcou a vida política de España ata o 16 de novembro 1870, momento no que se decidirá que Amadeo de Saboia (escollido entre os 5 candidatos á Coroa española) sexa o novo rei de España.